

## **BORRADOR**

### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA FAMILIAS CON ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA, FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO OU EDUCACIÓN ESPECIAL DE CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.**

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a de promoción no seu termo municipal da participación da cidadanía no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións e da ocupación do tempo libre. A mesma Lei, no seu artigo 70 obriga aos concellos a impulsar o emprego interactivo das tecnoloxías da información e da comunicación, para facilitar a participación e a comunicación coa veciñanza.

Por outra banda, A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, outorga aos concellos atribucións en materia de protección a familias e menores, prevendo o seu artigo 8 competencias municipais para a execución de programas e proxectos destinados á atención á familia, e o artigo 18 o trato preferente dos membros das familias de especial consideración no ámbito das novas tecnoloxías, mediante axudas para a contratación de servizos e produtos tecnolóxicos.

Na sociedade actual, as tecnoloxías da información e da comunicación están configurando grandes cambios, o que fai necesario garantir que á cidadanía se incorpore en situación de igualdade e equidade ás novas dinámicas tecnolóxicas que se están a impoñer.

**Este crecente aumento tecnolóxico da vida en xeral, obriga ás Administracións Públicas a dar respostas ás demandas actuais da cidadanía ante a nova “sociedade do coñecemento”, facilitando o acceso ás novas tecnoloxías naqueles ámbitos que máis o requiren.**

**Un dos ámbitos onde é máis evidente a incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación é no ensino, onde crece o emprego didáctico de dispositivos dixitais e de contidos educativos nestas materias, o que se ven de poñer de relevo dende o pasado ano 2020, debido ás circunstancias sanitarias ocasionadas pola COVID-19.**

**A irrupción da pandemia provocou un gran impacto no sistema educativo. No mes de marzo de 2020, coa declaración do estado de alarma e o conseqüente confinamento domiciliario, os centros educativos víronse abocados a impartir aulas a través de plataformas dixitais para que o alumnado non perdese o curso académico e o seu ritmo de aprendizaxe non se vise diminuído.**

A situación sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 segue actualmente sen resolverse, polo que é preciso dar solución as necesidades particulares de parte do alumnado que non dispón dos medios informáticos axeitados para unha correcta participación nas novas tecnoloxías.

Por estes motivos, o Concello considera acaído tomar medidas para a protección das familias con menor capacidade para afrontar a situación derivada da pandemia, co obxecto de corrixir o acceso desigual aos equipos informáticos necesarios para o desenvolvemento nas novas tecnoloxías polos menores en idade escolar, xa que a aplicación e o aproveitamento destas novas tecnoloxías esixen contar cun equipamento que o faga posible.

**Deste xeito, para dar cumprimento ao mandato legal de promover e garantir o acceso de todas as familias, nomeadamente daquelas de especial consideración, ás novas tecnoloxías e garantir que contan co material necesario para acceder á docencia on- line, a Administración Municipal acordou o establecemento dunha liña de axudas para a adquisición de dispositivos dixitais, coa finalidade de que**

**ese acceso sexa equitativo e igualitario e estea aberto a todo o alumnado** empadroado no Concello de Pontevedra **que curse estudos** de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial nun centro docente sostido con fondos públicos.

#### 1ª.) OBXECTO E FINALIDADE DAS SUBVENCÍONS.

1.- As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar a adquisición de dispositivos dixitais (ordenadores portátiles e ordenadores de sobremesa) polas familias de Pontevedra, para o seu uso polo alumnado menor de idade de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial de centros docentes sostidos con fondos públicos, empadroado no Concello de Pontevedra.

As subvencións previstas nestas bases teñen por obxecto fomentar o acceso do alumnado menor de idade de Pontevedra tanto aos recursos didácticos necesarios para a súa escolarización como ás novas tecnoloxías da información e da comunicación en condicións de igualdade e equidade, apoiando ás unidades familiares para a adquisición do equipamento que o faga posible.

2.- Os obxectivos e finalidades que se pretenden acadar co establecemento da subvención son os seguintes:

a) Promover a necesaria igualdade de oportunidades, para que todo o alumnado pontevedrés teña acceso en igualdade de condicións ao material didáctico dixital necesario (**equipos informáticos**) para acceder á **docencia on- line establecida con ocasión da pandemia**.

b) Promover a sociedade do coñecemento, garantindo o acceso das familias de Pontevedra, nomeadamente daquelas de especial consideración, ás tecnoloxías da información e da comunicación.

c) Reducir a fenda dixital no Concello de Pontevedra, facilitando a adquisición dos equipos informáticos necesarios para que o alumnado de Pontevedra ao que se dirixen estas axudas poida acceder ás novas tecnoloxías e á formación on- line.

d) Paliar as consecuencias da crise sanitaria ocasionada pola **COVID-19, corrigindo o acceso desigual ás novas tecnoloxías e ao material dixital imprescindible para que o alumnado pontevedrés ao que van dirixidas as axudas poida desenvolver a súa formación e aprendizaxe on- line**.

c) Protexer o interese xeral da cidadanía de Pontevedra, dando soporte ás familias de especial consideración afectadas pola crise social e económica da COVID-19.

#### 2ª.) APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

A contribución económica do Concello efectuarase ata o límite da aplicación orzamentaria 01.326.0-789.01, cun crédito inicial de 400.000,00 (catrocentos mil) euros no exercicio 2021.

A contía individual de cada axuda será de 400,00 (catrocentos) euros por estudante menor de idade que conviva na unidade familiar e reúna os requisitos establecidos na base 5ª, co límite de 2.000,00 (dous mil) euros por unidade familiar de convivencia.

En ningún caso poderá concederse unha axuda por importe superior ao custe do dispositivo dixital que se subvenciona, xustificando coa correspondente factura segundo o establecido na base 15ª.

Debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actuación.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria. Non entanto, estableceuse unha contía adicional por importe de 50.000,00€, que poderá ser utilizada, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria, para o caso de que proceda a aprobación da lista de agarda prevista na base 8ª.5.

#### 3ª.) COMPATIBILIDADE E TRATAMENTO FISCAL.

A subvención que se outorgue será incompatible con outras axudas ou subvencións doutros

organismos públicos ou privados para a mesma finalidade, isto é, para adquirir equipos informáticos para a súa utilización polo alumnado ao que se refire a axuda.

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria.

A estes efectos, estas axudas axústanse ás seguintes determinacións:

a) As axudas están destinadas á adquisición de material didáctico dixital para o alumnado de estudos regrados de centros docentes sostidos con fondos públicos dos seguintes niveis e graos educativos: educación primaria o secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grado medio o educación especial.

b) A concesión das axudas axústase aos principios de xeneralidade, non discriminación nas condicións de acceso e publicidade na convocatoria.

c) O criterio de valoración para a concesión das axudas é o da capacidade económica da unidade familiar de convivencia.

#### 4ª) GASTOS E PRAZO SUBVENCIONABLE.

Só se subvencionará a compra do seguinte equipamento informático:

a) ordenadores portátiles

b) ordenadores de sobremesa.

Subvencionarase a compra dos anteriores dispositivos dixitais que fose realizada e pagada entre o 14/03/2020 e o 31/12/2021.

#### 5ª) BENEFICIARIAS/OS DAS AXUDAS.

1.- Poderán beneficiarse destas axudas as unidades familiares de convivencia que cumpran os requisitos previstos no punto 2. A estes efectos, enténdese por unidade familiar de convivencia o conxunto de persoas que residan na mesma vivenda e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por filiación, adopción, acollemento ou tutela legal.

Terá a condición de persoa titular da axuda o membro da unidade familiar beneficiaria que a solicite, segundo o disposto na base 7ª.

2.- Os requisitos para poder ser beneficiaria da subvención son os seguintes:

a) A unidade familiar de convivencia debe estar empadroadada no Concello de Pontevedra (a comprobación deste requisito realizarase polo propio servizo xestor da subvención).

b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicita a axuda.

c) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as no curso 2020-2021, en educación primaria e educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial nun centro docente sostido con fondos públicos.

d) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos establecidos na convocatoria. A documentación presentada deberá de ser válida e eficaz no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal e familiar á data da presentación da solicitude.

e) Que a renda da unidade familiar de convivencia (determinada segundo as regras da base 6ª) non supere os seguintes valores:

MEMBROS DA UNIDADE	IMPORTE	MÁXIMO
--------------------	---------	--------

FAMILIAR	ANUAL
2	15.960,00€
3	23.940,00€
4	31.920,00€
5	39.900,00€
6	47.880,00€
7	55.860,00€
8	63.840,00€
9	71.820,00€
10	79.800,00€

3.- A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do Padrón de habitantes, que será xestionado directamente polo Concello. No caso de que as persoas solicitantes non autoricen a consulta dos seus datos de empadramento, deberán de achegar xunto coa solicitude un volante de convivencia expedido polo Concello de Pontevedra.

4.- Consonte co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os titulares das axudas deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra, coas facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social; deben cumprir as obrigas do artigo 11 da dita Lei 38/2003 e os requisitos do artigo 13 da mesma norma e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Pontevedra.

#### 6ª) CRITERIO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.

1.- O criterio que servirá para determinar a orde de preferencia das solicitudes presentadas será a renda per cápita da unidade familiar de convivencia.

A lista das subvencións outorgadas realizarase por orde inversa á contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior, ata esgotar o crédito dispoñible para esta convocatoria.

No caso de empate na contía da renda, estarase ao número de membros da unidade familiar. De persistir o empate, estarase ao número de descendentes menores de idade.

2.- Para os efectos destas bases, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio 2019 entre o número de membros computables.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460).

Cando non se presente declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ao subsidio básico da RISGA.

3.- Nos casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación ao que consta na declaración do IRPF do ano 2019, as persoas interesadas terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica, achegando a documentación que o xustifique correspondente ao trimestre anterior á publicación da convocatoria. A documentación acreditativa desta circunstancia debe ter carácter oficial, estar expedida por unha Administración Pública ou constar en calquera título con validez no tráfico xurídico civil ou mercantil.

4.- Para os efectos de determinar a renda per cápita desta convocatoria, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) a nai e o pai non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, a persoa ou persoas que teñan a tutela do alumnado.

b) os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

c) os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, os membros computables da unidade familiar serán a nai, o pai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

5.- Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros computables da unidade familiar que acrediten atoparse nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Ter unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou percibir unha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

b) A solicitante que fose vítima de violencia de xénero.

c) Os membros computables da unidade familiar que se atopen en situación de acollemento.

d) Os membros computables da unidade familiar que teñan recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus grados

f) A proxenitora ou proxenitor da familia monoparental. Terá a consideración de familia monoparental a así definida no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, debendo estar esta situación acreditada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 7ª.) SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1. As solicitudes tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva e a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 7ª e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

2. Poderán presentar solicitudes as nais, pais, titores/as ou representantes legais do alumnado enumerado na base 6.1 c), utilizando o modelo oficial facilitado polo Concello de Pontevedra.

A solicitude poderá presentarse de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra ou nas oficinas habilitadas especialmente para esta finalidade. Tamén poderá

presentarse a solicitude por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria da subvención, que será comunicada ao BOP pola Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos e cos requisitos establecidos no art. 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presente máis de unha acumularanse, tramitándose unicamente a primeira presentada no Rexistro.

4. Xunto co formulario normalizado de solicitude, achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Declaración de IRPF do exercicio 2019 dos membros computables da unidade familiar.
- d) Certificado do centro escolar no que se cursen os estudos acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2020-2021 en educación primaria e educación secundaria obrigatoria bacharelato, formación profesional básica, formación profesional de grao medio ou educación especial.
- e) De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ao ano 2019 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros computables da unidade familiar de convivencia.
- f) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia:
  - Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
  - Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
  - Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas
- g) De ser o caso, resolución relativa ao recoñecemento da situación de dependencia dalgún dos membros da unidade familiar de convivencia.
- h) De ser o caso, documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- i) No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio onde conste a custodia dos descendentes.
- j) De ser o caso, resolución xudicial ou administrativa acreditativa da situación de acollemento.
- k) De ser o caso, resolución xudicial ou administrativa que declare a situación de tutela.
- l) De ser o caso, acreditación da situación de monoparentalidade recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Poderá eximirse da presentación da documentación indicada nos parágrafos a), c), e), f) e g) cando non existan circunstancias técnicas ou materiais que o imposibiliten e as persoas interesadas non se opoñan expresamente na solicitude a que o Concello consulte os seguintes datos e/ou documentos

elaborados polas Administracións Públicas:

- a) Consulta dos datos do DNI ou NIE.
- b) Consulta da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións do exercicio 2019 e, no seu caso, do ano 2020, da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- c) Consulta do grao de discapacidade da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- d) Consulta da percepción das prestacións públicas pola solicitante e os demais membros computables da unidade familiar que se enumeran no punto 4.e).
- e) Consulta do nivel e grao de dependencia.

6. A solicitude deberá estar asinada pola nai, pai, titor/a ou representante legal do alumnado e polo resto dos membros maiores de idade que formen parte da unidade familiar de convivencia.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprese os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar á data da presentación da solicitude, e a situación económica segundo o establecido nas bases; exceptúase o caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

#### 8ª.) TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN RECIBIDAS.

1. A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Gabinete da Alcaldía, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos e a documentación exixida na convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos necesarios. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fai, se considerará por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. O órgano instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

De acordo con isto, poderá requirírselle á persoa interesada cantos datos, documentos e aclaracións resulten necesario para complementar o expediente, dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos proporcionados e realizar actividades de inspección e verificación para asegurar o axeitado destino das axudas. Nestes casos, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola persoa interesada, poráselle de manifesto antes de redactar a proposta de resolución, para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

3. As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.
- b) A avaliación técnica das solicitudes, segundo os criterios de valoración establecidos nas presentes bases.

4. Unha vez avaliadas as solicitudes segundo o disposto no parágrafo anterior, deberá emitirse un informe pola comisión de valoración da subvención, no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

5. O órgano instrutor, á vista do expediente e da proposta da comisión cualificadora, formulará a

proposta de resolución, debidamente motivada, e fará constar expresamente que da información levada a cabo despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos precisos para acceder a axudas. Así mesmo deberá constar de xeito expreso e motivado, a desestimación das solicitudes.

A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda per cápita anual da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), concedéndose ás axudas na orde determinada nesta relación ata esgotar o crédito orzamentario desta convocatoria, as subvencións concedidas sinalándose a axuda que corresponda a cada beneficiaria e as subvencións denegadas, facéndose constar o motivo da denegación.

Con aquelas solicitudes que cumpran todos os requisitos para seren beneficiarias das axudas, pero que queden excluídas por esgotarse o crédito da convocatoria, formarase unha lista de agarda por renda per cápita de menor a maior. As solicitudes que se atopen na lista de agarda poderán resultar beneficiarias no caso de que, por calquera causa, exista crédito orzamentario e baixo a condición de que este sexa dispoñible.

6. A proposta de resolución non crea dereitos a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se realice a publicación da resolución da concesión.

#### 9ª.) COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A comisión de valoración será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación das solicitudes presentadas, e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas previstas nas presentes bases.

Esta comisión estará presidida polo alcalde de Pontevedra ou concelleira/o en quen delegue, e composta, ademais, por:

- a) A xefa do servizo do Gabinete da Alcaldía ou quen a substitúa, que actuará de secretaria.
- b) A xefa do servizo de Promoción Económica e Educación do Concello de Pontevedra ou quen a substitúa.
- c) A Pedagoga Municipal do Servizo de Educación Concello de Pontevedra.

A comisión contará co voto de calidade da presidencia, que será resolutivo. A presidencia da comisión resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes deste órgano.

#### 10ª.) RESOLUCIÓN.

Á vista da proposta de resolución, e despois da fiscalización da Intervención Xeral do Concello, resolverase o procedemento por acordo da Xunta de Goberno Local. O acordo será motivado e conterá, de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución da convocatoria será publicada no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra, co contido establecido na base 16ª. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 11ª.) ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.



A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días á recepción da comunicación da concesión ou, consonte co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, da súa publicación, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

As beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para os que foron concedidos, nos termos establecidos na resolución de concesión da axuda,

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obrigas da beneficiaria:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, que para esta convocatoria consiste na compra dos equipos informáticos para a súa utilización polo alumnado destinatario das axudas, nas condicións e coa finalidade prevista nas bases.
2. Coidar os dispositivos adquiridos coa debida dilixencia e conservar a súa propiedade por un prazo mínimo de dous anos.
3. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.
4. Comunicar calquera alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas.
5. Comunicar ao Concello as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración ou entidade pública ou u privada.
6. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello de Pontevedra, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións e 32 e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.
8. No caso de non ser quen de realizar a actuación para a que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo para realizar a actuación.
9. As demais obrigas que resulten do artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

#### 12ª) MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, vulnerando o previsto na base cuarta, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, sempre que non se causen prexuízos a terceiros. En ningún caso poderá incrementarse a contía da subvención concedida nin alterar a súa finalidade.

#### 13ª) RENUNCIA.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O órgano competente ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

#### 14ª.) PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCiónS.

1. Poderá realizarse anticipadamente o pago do 100 % do importe da axuda unha vez concedida, cando as beneficiarias así o soliciten coa presentación da solicitude.

No caso do pago anticipado, exímense as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías, segundo o establecido no artigo 42.2 b) das Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra do ano 2021.

2. As persoas beneficiarias están obrigadas a presentar a conta xustificativa da subvención, nos termos establecidos no artigo 19 da Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Pontevedra.

A conta xustificativa da subvención poderá presentarse de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra ou nas oficinas habilitadas especialmente para esta finalidade ou por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>). Tamén poderá presentarse a solicitude en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención rematará o 31/03/2022.

No caso de que no prazo establecido para a presentación da conta xustificativa da subvención esta non fose presentada pola persoa interesada, o órgano xestor requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de 15 días achegue a xustificación.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado dará lugar automaticamente á perda do 10% da contía concedida.

A falta de presentación da xustificación no prazo adicional concedido conlevará a perda total do dereito ao cobro e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na normativa das subvencións públicas.

3. O sistema de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, e haberá que presentar a seguinte documentación:

- **Modelo de xustificación oficial facilitado polo Concello.**
- **Xustificación documental do gasto mediante as correspondentes facturas.** As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos na Lei 7/2012 de 29 de outubro e no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.
- **Xustificación documental do pago.** No caso de que non poida presentarse a xustificación do pago coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

15ª.) PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Estas bases reguladoras, e máis a concesión da subvención, publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Ademais, en aplicación da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as bases e as subvencións concedidas, publicaranse na sede electrónica do Concello de Pontevedra, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

A publicación da resolución da convocatoria de concesión conterá o DNI, NIE ou pasaporte (parcialmente anonimizados) da persoa solicitante (nai, pai ou persoa que teña a tutela ou representación legal do alumno), a referencia do seu expediente e a resolución recaída (inadmitida,

concedida, denegada- cos motivos de denegación- ou desistida).

#### 16ª.) REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade para a que se concedeu a subvención, o Concello de Pontevedra esixirá ás persoas beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes e máis os intereses que correspondan, de acordo co procedemento establecido na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e demais normativa de aplicación.

#### 17ª.) PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título II da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

#### 18ª.) TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Pontevedra ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Pontevedra no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As entidades solicitantes e beneficiarios poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Pontevedra). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O persoal municipal e aquel vinculado coa Administración Municipal que, con motivo do desenvolvemento das súas funcións no procedemento obxecto desta convocatoria, accedan aos datos persoais e económicos do alumnado e das familias, quedarán suxeitos ao deber de confidencialidade e á lexislación sobre protección de datos.

#### 19ª.) RÉXIME XURÍDICO.

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, pola a lexislación básica do estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Asemade, para a interpretación destas bases teranse en conta as previsións do Real Decreto-ley 20/2020, de 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital e da Ordenanza reguladora da renda social municipal.

#### 20ª.) RECURSOS QUE PODEN INTERPOÑERSE.

Contra estas bases, cuxo acordo de aprobación pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo do Concello de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.